



XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar
Servizo de Recursos Mariños

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 6 DE MAIO DE 2019 DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE AUTORIZA O EMPREGO DA LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS E QUE NON FORON EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DA ILLA DE AROUSA

ANTECEDENTES

Primeiro. Pola Resolución do 3 de maio de 2018, da xefa territorial da Consellería do Mar en Vigo, publicouse a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores da Illa de Arousa. A lista de non seleccionados constitúe unha lista de reserva, que poderá ser empregada para cubrir as vacantes que se produzan durante o ano da súa vixencia.

Segundo. O día 16 de abril de 2019 a confraría da Illa de Arousa solicitou o emprego da lista de reserva para cubrir as vacantes existentes. Mediante Resolución do 6 de maio de 2019 autorizouse o emprego da lista de reserva para cubrir 15 vacantes.

Terceiro. Os días 10 e 15 de maio de 2019 a confraría da Illa de Arousa achega as renuncias de tres persoas seleccionadas na resolución do 6 de maio de 2019.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.





XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar
Servizo de Recursos Mariños

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

Segundo. A Orde da Consellería do Mar do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG nº 144 de 28 de xullo de 2011) establece no seu artigo 7 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do procedemento selectivo, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución da xefatura territorial.

A confraría de pescadores ou entidade asociativa, de conformidade coa agrupación sectorial, de estar constituída, poderá solicitar á xefatura territorial correspondente o emprego da lista de reserva nos seguintes supostos:

- a) Cando se produzan vacantes durante o proceso de outorgamento.
- b) Cando se produzan vacantes durante a vixencia dos plans de xestión correspondentes.

A confraría comunica as renuncias de tres persoas seleccionadas durante o proceso de outorgamento dos permisos de explotación.

Terceiro. Correspóndelle a esta Xefatura Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, esta Xefatura Territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

MODIFICAR a autorización do emprego da lista de reserva e publicar os nomes de tres (3) novas persoas seleccionadas para o outorgamento do permiso de explotación de marisqueo a pé na confraría da Illa de Arousa:





galicia

XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar
Servizo de Recursos Mariños

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo

Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

Apelidos e Nome	NIF
SERANTES SABARIS JOSE ANTONIO	*****941H
REBOEIRAS GALBAN MARIA DEL CARMEN	*****085T
GELPI VILLARES DIANA	*****096S

(*) *Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.*

As persoas seleccionadas deberán acreditar no prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao que se publique esta resolución, os requisitos para obter o permiso de explotación; de non facerse así neste prazo, entenderase que decaen do seu dereito. Deben presentar a seguinte documentación:

- a) Dúas fotografías co seu nome e DNI escrito por detrás.
- b) Informe médico que indique que a persoa está apta para traballar do marisqueo.
- c) As persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia, deberán achegar un escrito de renuncia a ela para que se faga efectivo no momento da concesión do permiso de explotación.

No caso de non ter asinada a autorización da consulta: certificado que acredite que a persoa non é perceptora da renda de integración social de Galicia (RISGA).

d) No caso de non ter asinada a autorización da consulta: certificado da Seguridade Social que acredite que a persoa non é perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares.

e) No caso de non ter asinado a autorización para a consulta do certificado de mariscador no caso de que o posúan e non fose presentado coa solicitude: copia do certificado de mariscador. Aquelas persoas que non o posúan, terán que realizar o





galicia

XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO

Xefatura Territorial da Consellería do Mar
Servizo de Recursos Mariños

R/Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 128 Fax: 986 817 030

curso a primeira vez que sexan convocados - salvo causa debidamente xustificada - pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A documentación requirida deberá dirixirse á Xefatura Comarcal do Mar en Vilagarcía.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2. da convocatoria, entenderase que desisten da súa solicitude (*excepto o certificado de mariscador. Ver aptdo. d*)).

Neste caso, emitirase unha nova resolución modificando esta, na que se indicarán as persoas aspirantes seleccionadas pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos, outorgándolles un prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da nova resolución, para que acheguen a documentación que figura na base III da convocatoria.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

A xefa territorial

Sonia Lorenzo Santos

Carmen de Benito Caula
(Por delegación de firma R. 17/10/2017)
Xefa do Servizo de recursos mariños



Xacobeo 2021

